




TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO STEAM 2ª Tarefa - 1º CICLO

1.-IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA: A TODA MÁQUINA!	
ETAPA : EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEIS: 1º CICLO
ÁMBITO / ÁREAS: MATEMÁTICAS, NATURAIS, SOCIAIS	PROFESORADO: MESTRE ENCARGADO DO ÁMBITO (M ^a AZUCENA NANTÓN BLANCO)+ MESTRES APOIO NO ÁMBITO
DESCRIPCIÓN DA TAREFA: Realización dunha maqueta dun coche cuns materiais dados (cartóns, depresores, gomas elásticas, palliñas etc...). Indagaremos sobre os medios de transporte e as carrilanas-presentes en moitas vilas galegas para logo construír unha maqueta en cada equipo. Tamén investigaremos sobre cómo podemos construír un vehículo e grabaremos un representante de cada equipo explicando cómo elaboraron a súa maqueta.	
XUSTIFICACIÓN: Esta tarefa xorde do interese de continuar a primeira actividade STEM deste curso e continuar coas rutas saudables deseñando un coche cun funcionamento motor semellante ás bicicletas, explicar as súas partes e o proceso de construción. Nesta tarefa incidimos na necesidade de coñecer as enerxías limpas e investigar vehículos non contaminantes para crear cidades sostibles e mellorar a nosa saúde. Paralelamente tamén se realizará un circuito con LEGO onde se fará a actividade final. Como actividade motivadora final faremos unhas carreiras cos coches construídos dos diferentes equipos e os robots True-True na pequena maqueta feita cos Legos.	
CONTEXTO Realizarse no ámbito de aprendizaxes STEAM intentando empregar materiais de refugallo. Na actividade final-motivadora precisaremos os robots true-true.	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Actividade previa: formación de grupos heteroxéneos de 4 ou 5 persoas, asignación de roles.		
1.-Explicación do traballo en gran grupo mediante unha roda na que se dispoñen as tarxetas no centro con imaxe de distintos xoguetes con rodas. Cada grupo escolle unha e responde a seguinte pregunta: -Que é o que me gusta deste xoguete?	LC - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. (OBX 3) LG - CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía. (OBX 3)	Observación directa Escala de observación
2.-Visionar os vídeos explicativos da construción e movemento de coches: https://www.youtube.com/watch?v=L75jZNKQNEA https://www.youtube.com/watch?v=WLu2Eols0BI https://www.youtube.com/watch?v=PK1S9lNlY24	L.C.- CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. (OBX 3). L.G.- CA2.6. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. (OBX 3). L.C.- CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais. L.G.- CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis	Rúbrica + Escala de valoración

	sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	
3.-Presentación onde se reflexan os pasos a seguir na sesión.	PC 1º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista. (OBX 1) PC 2º - CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista. (OBX 1)	Escala de observación
4.- Buscar os materiais necesarios para a construción do "coche autopulsado"; tendo en conta as partes básicas para a súa creación. Iniciarse no office impress enchendo o documento onde faremos o boceto paso a paso da construción da maqueta.	PC1º e 2º - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. (OBX 1) CCNN 1º e 2º - CA 4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto repectando as normas básicas de convivencia. (OBX 6) PC 1º e 2º. - CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Escala de observación
5.- Crear o coche: Construción con diferentes materiais, por equipos ou parellas respectando as partes	EPV - CA2.3. Participar dde maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun	Rúbrica

<p>básicas que debe ter e seguindo a súa orde de construción: rodas, chasis, base, carrocería e guía.</p>	<p>resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. CCNN 1º – CA4.2. Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e os materiais adecuados. CCNN 2º – CA4.2. Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e os materiais adecuados.</p>	
<p>6.- Análise do realizado: Reflexión sobre o acontecido na actividade, funcionou? Que pasaría se modificáramos algunha variable? Grabaremos pequenos vídeos explicando os pasos que seguimos. Proba dos coches e a súa velocidade na cidade creada. Comparativa de velocidade vs robots True-True</p>	<p>CCNN 1º/2º – CA1.4. Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos: vídeo, audio, papel... comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas. (OBX 1) M 1º / 2º – CA5.1. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relación saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos (OBX 8) L.G. – CA2.8. Mobilizar coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos L.C. – CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada,</p>	<p>Escala de observación</p>

	que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información. (OBX. 6)	
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
Comprensión escrita -Comprensión audiovisual -Expresión oral- Expresión escrita - Escala Visión espacial -Habilidades plásticas: debuxo, recorte e construción. - Creatividade -Traballo en equipo- Toma de decisións- Respecto ás opinións diferentes- traballo coas tics		

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADE	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Asignación de roles nos equipos	Aula stem do 1º andar	Inicialmente en gran grupo e despois pequeno grupo	Follas e material funxible	5 minutos
Explicación do traballo en gran grupo.	Aula stem do 1º andar	Gran grupo.	Tarxetas xoguetes con rodas	10 minutos
Visionar os vídeos e resumir os pasos a dar	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Ordenadores por grupo e acceso a internet.	30 minutos
Buscar os materiais precisos para a construción da maqueta	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Depresores, gomas, tapas, paus, palliñas, pistola de silicona e punzóns.	30 minutos
Recoller os pasos que se realizarán coa plantilla do office impress	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Tablet	30 minutos
Construír a maqueta e comprobar o seu funcionamento	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Depresores, gomas, tapas, paus, palliñas, pistola de silicona e punzóns.	40 minutos



Grabar/explicar o proceso de fabricación	Aula Stem do 1º andar	Pequeno grupo	Tablets	30 minutos
Comprobar o funcionamento dos coches autopropulsados e comprobar a velocidade comparándoos cos True-True	Aula Stem do 1º andar	Gran grupo/equipos	Coches autopropulsados, Robots True-True e maquetas /cidade LEGO	50 minutos
Actividade de ampliación: Realizar CHASIS coches autropulsados.	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Materiais de refugallo/ cartolinas	Actividade a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo.
Actividade de ampliación: Realizar con LEGO a cidade pola que irán os coches.	Aula Stem do 1º andar	Pequeno grupo	LEGOS	Actividades a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo ou mentras agardan asistencia.
Actividade de reforzo: Acompañamento para a redución do contido	Aula stem do 1º andar	Pequeno grupo	Papel	Actividades para o alumnado con diversidade curricular

4.-AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ENSINANZA- APRENDIZAXE)	ESCALA DE VALORACIÓN REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	Como?: mediante a observación directa e sistemática. Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. <i>Farase fincapé nos aspectos positivos.</i>
PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOGIDA DE INFORMACIÓN	Como?: cumprimentando a ficha. Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día.

CRITERIOS E CONTIDOS- RÚBRICA

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./	LC 1º,2º.: CA2.5
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 1º e 2º: CA4.5, CA4.2, CA2.1, CA3.1 M 1º e 2º: CA4.5, LC 1º,2º.: CA6.4
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 1º e 2º: CA2.8 LC 1º e 2º: CA2.8
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTEAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervénnas quendas doutras persoas.	LG 1º e 2º: CA2.4, CA2.5 LC 1º e 2º: CA2.4, CA2.5
ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	LG 1º e 2º: CA1.1, CA2.5 M 1º e 2º: CA1.1, CCSS 1º e 2º: CA1.1, PC 1º e 2º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1 CCNN 1º e 2º: CA4.3

COMPENSIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CCNN 1º e 2º: CA2.2, CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4
	G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 1º e 2º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 LC 1º e 2º: CA2.1, CA4.1, CA4.2
	G. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 1º e 2º: CA3.7 LC 1º e 2º: CA3.7

DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos estipulados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		

PRÁCTICA DOCENTE-LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Fomentouse a motivación e implicación do alumnado nas actividades a través dunha linguaxe positiva.		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Mantívoise una colaboración e coordinación real entre o profesorado implicado.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		
A temporalización das acción foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e dos aspectos de mellora.		
Construíronse os equipos cooperativos cos criterios propios da aprendizaxe cooperativa.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo o alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse un tempo para a avaliación da aprendizaxe e da autoavaliación.		
O produto final da tarefa resulto significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		

